

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se publica o anuncio da resolución pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP), para o curso 2018/19.*

Co obxecto de estender o programa de plurilingüismo ás ensinanzas de formación profesional do sistema educativo para o curso 2018/19, esta Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional resolve anunciar:

Primeiro. Que nas páxinas web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) e [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp) estará dispoñible a regulación e convocatoria de incorporación de centros para participar nos ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) para o curso 2018/19.

Segundo. Que o prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* ata o 6 de xullo de 2018.

Terceiro. Que os centros deberán cubrir a solicitude que figura como anexo I da convocatoria e dirixila á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018

Manuel Corredoira López  
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

